

Recordatorio de deberes legais dirixida Consellería do Mar para que resolva expresamente a solicitude de información pública da promotora desde expediente de queixa, en caso de non telo feito na data en que se reciba esta resolución

Expediente: A.11.Q/16075/23

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2024

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de don XXX, con DNI nº XXX, relativo á tramitación dunha comisión de servizos e á súa solicitude de acceso á información pública.

ANTECEDENTES

Primeiro.- No escrito de queixa presentado pola persoa interesada, en esencia, indica:

En mayo de este año presenté una solicitud relacionada con la convocatoria de un puesto de trabajo para su cobertura temporal mediante comisión de servicios. Al no recibir notificación de la resolución, presenté en octubre un formulario en el que planteé recurso de alzada contra el silencio (todavía no se me ha notificado la resolución de tal recurso) y solicitaba una serie de información sobre el expediente que no se me ha facilitado tampoco por el momento.

Estoy por tanto en una situación de desinformación, indefensión y vulneración de mi derecho a una eventual promoción profesional, además de mi derecho ciudadano a conocer determinados datos del expediente que no estén protegidos por la LOPD.

...

Se me genera indefensión porque desde mayo no sé cuándo se resolvió la comisión de servicios, ni qué personas se presentaron como candidatas, ni qué méritos alegaron... con lo que no puedo comparar con mis méritos para determinar si yo tendría o no posibilidades, además de que no se me facilitaron los datos solicitados al amparo de la normativa de transparencia.

En definitiva, un menoscabo a una eventual promoción profesional temporal y una vulneración de mis derechos de acceso a la información, tanto como interesado en el procedimiento, como ciudadano que quiere conocer los criterios que emplea la administración autonómica para cubrir temporalmente sus puestos directivos, además de que se ha incumplido el deber de resolver y notificar a un interesado que lo está requiriendo.

Posteriormente indícanos que recibí contestación, por parte da Dirección Xeral da Función Pública, ao recurso de alzada presentado pero non está conforme coa súa tramitación e a súa resolución. Ademais, segue sen ter o acceso á información solicitada. Señala, en esencia:

2. Que mi solicitud inicial de 31/05/2023 se refiere, literalmente, a:

Se teña en consideración a miña solicitude de manter unha ou varias entrevistas telemáticas coa finalidade de avaliar a miña candidatura para a eventual cobertura temporal do posto de traballo que se pretende ocupar en comisión de servizos.

De hecho, en tal sentido el formulario PR004A señala que lo que solicito es que se tenga en cuenta la documentación que presento para entrevista.

1. Que la consellería de mar analice mi formulario de recurso de alzada de 10/10/2023, que reitero a través de este escrito, por considerarlo no atendido por el órgano competente, y resuelva con base en derecho sobre lo que en él hago referencia, por ser de su competencia, con fundamento no sólo en la ley 39/2015, sino también en la ley 19/2013 y en la ley autonómica de Galicia 1/2016:

- recurro en alzada que no se atendió mi solicitud de evaluar mi candidatura,
- solicito que se me notifique la resolución que puso fin al proceso de selección para, de ser el caso, poder impugnarla,
- solicito acceso a los datos no protegidos del expediente que permitan conocer los méritos de la persona seleccionada para poder compararlos con los méritos alegados por mi,
- solicito conocer el número de entrevistas que tuvieron lugar en el proceso

Como la resolución del director xeral de función pública ya contiene el número de personas solicitantes, no es necesario que me informen de nuevo sobre esta cuestión.

2. Que, además de todo lo anterior, con fundamento en la misma normativa alegada en el anterior punto, solicito a la consellería de mar la información relativa al motivo en el retraso de varios meses entre la publicación de la necesidad de ocupar el puesto de referencia

mediante comisión de servicios (mayo/junio de 2023) y la resolución de adscripción (mediados de noviembre de 2023).

Además, solicito la motivación por la cual, a pesar de que, siendo mi solicitud inicial de finales de mayo de 2023 y mi escrito de recurso y solicitud de transparencia de octubre de 2023, y siendo autorizada la adscripción en noviembre de 2023, no se atendió ni a uno ni a otro antes de que se resolviese por la dirección xeral de función pública dicha autorización, cuando hubo plazo para ello.

Y esto sin perjuicio de que también solicito explicación sobre por qué, ya que no se atendió ni mi solicitud ni mi escrito posterior, se esperó hasta enero de 2024 para remitirlo a la dirección xeral de función pública.

3. Que solicito acceso al informe de la vicesecretaria xeral de la consellería de mar de 12/01/2024, con fundamento en la citada legislación sobre transparencia y en mi condición de interesado en el expediente.

4. Que solicito a la dirección xeral de función pública que anule la resolución de recurso de reposición que me notificó ayer, por cuanto no he formulado dicho recurso y mucho menos ante la consellería de facenda, además de que, ya no sólo por no ser mi voluntad, sino porque cronológicamente era imposible que en octubre de 2023 pudiera pretender impugnar una resolución de noviembre de 2023, ya que no me consta que sean posibles los recursos preventivos para eventuales decisiones futuras (de hecho, una de mis solicitudes a la consellería de mar se refería precisamente a que se notificase la resolución que pusiera fin al proceso, para, en su caso, poder impugnarla).

Subsidiariamente, también solicito a la dirección xeral de función pública que, para el hipotético caso de que la consellería do mar no atienda a lo que le he solicitado ni resuelva lo que he recurrido, sea dicho órgano el que me haga llegar la información solicitada del expediente para, al menos, cumplir con mis derechos de acceso y transparencia.

5. Que solicito a la consellería de mar y a la consellería de facenda, con fundamento a la normativa de transparencia ya mencionada, me faciliten la información sobre la tramitación que se realizó del expediente que nos ocupa desde mayo de 2023 hasta enero de 2024, con especial referencia a los siguientes aspectos:

- El carácter excepcional de la comisión de servicios la remite a casos de urgente o inaplazable necesidad: ¿cómo compaginar urgencia y necesidad inaplazable con el hecho de, a pesar de haber recibido 13 solicitudes, la autorización de la adscripción se produce a los cinco meses de finalizar la publicación del anuncio de cobertura?
- ¿Cuáles fueron las razones objetivas que han justificado la concesión de esta comisión/adscripción con respecto al resto de personas solicitantes? ¿Qué órgano

analizó la documentación remitida y qué métodos de evaluación utilizó para concluir objetivamente la idoneidad comparada: revisión de c.v., entrevistas personales, referencias, recopilación de información en aplicaciones informáticas de gestión de personal...?

- ¿Cuál es el período de vigencia de la adscripción/comisión de servicios concedida?

Segundo.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe. No devandito informe sinala, en esencia, a Consellería do Mar:

1. Con data 24 de maio de 2023 anunciouse a Comisión de servizos do posto PEC040000115770001 SUBDIR. XERAL XESTIÓN, ENSINO E RELACIÓNS SECTORIAIS. A data de admisión de solicitudes comprendía desde o 24 de maio de 2023 ata o 14 de xuño de 2023.

Recibíronse 13 solicitudes para o devandito posto, entre elas, a presentada o día 31 de maio de 2023 pola persoa interesada, que foron remitidas á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro para o seu exame e consideración.

2. Con data 10 de outubro de 2023, a interesada presentou un recurso de alzada contra o silencio administrativo respecto á solicitude presentada o 31 de maio. No escrito de interposición do recurso de alzada solicitaba:

“1. Recurrir en alzada la no atención a mi solicitud para evaluar mi eventual candidatura al puesto convocado mediante comisión de servicios.

2. Se me notifique la resolución que, en su caso, finalizó el proceso, para, de ser el caso, poder impugnarla

3. Acceder a los datos no protegidos del expediente que permitan conocer los méritos de la persona seleccionada para el puesto, de ser el caso, y compararlos con los méritos alegados por mi.

4. Conocer el número de personas que presentaron solicitudes y las entrevistas que tuvieron lugar en el proceso.”

3. O 8 de novembro de 2023 a Dirección xeral de Desenvolvemento propón a XXX para ocupar o devandito posto.

4. En data 14 de novembro de 2023, o director xeral de Función Pública resolveu autorizar a adscripción provisional de xxxxxx ao posto de subdirectora xeral de Xestión, Ensino e

Relacións sectoriais, código PEC040000115770001 na Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar.

5. O 3.01.2024 a interesada interpuxo un recurso potestativo de reposición ante a Comisión de Transparencia de Galicia fronte a desestimación, por silencio administrativo, da solicitude presentada ante a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro con data 10 de outubro de 2023, sobre un posto de traballo convocado pola Consellería do Mar para a súa cobertura temporal mediante comisión de servizos (Expediente RSCTG 284/2023)

6. O 12.01.2024 remitiuse á Comisión de Transparencia o informe e o expediente solicitado en relación co escrito presentado pola interesada.

7. Con data 25.01.2024, o Director xeral de Función Pública resolveu o recurso presentado pola interesada desestimando as súas pretensións.

8. O 2.02.2024 a Comisión de Transparencia de Galicia resolveu inadmitir a reclamación presentada pola interesada de acordo coa Disposición adicional primeira da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

PRIMEIRA.- O capítulo III do Título VI da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, regula a mobilidade do persoal funcionario, establecendo, dentro da mobilidade voluntaria, unha clara diferenciación entre os procedementos ordinarios (concurso, concurso específico e libre designación) que supoñen a provisión definitiva dos postos convocados e os procedementos extraordinarios, entre os que se encontra a comisión de servizos voluntaria, e que, salvo no caso da permuta, supoñen a provisión temporal dos postos. Agás no caso do procedemento de concurso, ben sexa ordinario ou específico, non contempla a lei a existencia dun baremo de méritos, nin sequera para o procedemento de libre designación que tamén supón a provisión definitiva dos postos convocados.

Concretamente a comisión de servizos voluntaria régúlase no artigo 96 da precitada Lei 2/2015, como unha forma excepcional e temporal de prover postos reservados a persoal funcionario, establecendo os casos en que pode proceder a súa concesión e dispoñendo que, en todo caso, o desempeño dun posto de traballo en comisión de servizos exixirá o cumprimento dos requisitos que estableza a correspondente relación de postos de traballo. Remite, así mesmo, a un desenvolvemento regulamentario para establecer, no seu caso, outros requisitos, a duración e o procedemento de concesión. Neste senso, debe terse en conta que, de acordo coa disposición derogatoria primeira da mesma lei, en tanto non se aproben as disposicións regulamentarias que a desenvolvan, mantén a súa vixencia a normativa regulamentaria anterior no que non resulte incompatible coa propia lei e co Estatuto Básico do Empregado Público.

Polo anterior, no que non resulten contrarios ás previsións legais vixentes na materia, manteñen a súa vixencia e son aplicables aos procedementos de concesión de comisión de servizos o artigo 4 do Decreto 92/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 6 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de 2provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e a Resolución de 27 de marzo de 2006, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre a cobertura temporal de postos de traballo en comisión de servizos, modificada pola Resolución do 21 de novembro de 2008, da mesma dirección xeral (ambas dispoñibles no enlace <https://www.xunta.gal/funcion-publica/comisions-de-servizo-para-o-persoal-funcionario>).

Ningunha destas normas prevé a valoración con puntuación de méritos concretos das persoas aspirantes de xeito similar ao dun concurso. No que se refire ao procedemento, unicamente se establece a obriga de que, con anterioridade a remitir a proposta de resolución á Dirección Xeral da Función Pública, se dea publicidade durante un prazo mínimo de cinco días na páxina web da dita dirección xeral dos postos que se pretenden cubrir en comisión de servizos, aos efectos de que as persoas interesadas presenten a súa solicitude no prazo indicado.

SEGUNDA.- Tendo en conta todo o anterior, procedeuse o 24 de maio de 2023 ao anuncio do posto para a súa cobertura en comisión de servizos. No prazo establecido foron recibidas varias solicitudes, entre elas, a presentada o 31 de maio de 2023 pola interesada, que foron remitidas á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro para o seu exame e consideración.

Tal como se sinalou anteriormente, con data 10 de outubro de 2023, a interesada presentou un recurso de alzada contra o silencio administrativo respecto á solicitude presentada o 31 de maio de 2023. No escrito de interposición do recurso de alzada solicitaba:

- “1. Recurrir en alzada la no atención a mi solicitud para evaluar mi eventual candidatura al puesto convocado mediante comisión de servicios.
2. Se me notifique la resolución que, en su caso, finalizó el proceso, para, de ser el caso, poder impugnarla.
3. Acceder a los datos no protegidos del expediente que permitan conocer los méritos de la persona seleccionada para el puesto, de ser el caso, y compararlos con los méritos alegados por mi.
4. Conocer el número de personas que presentaron solicitudes y las entrevistas que tuvieron lugar en el proceso.”

Cabe sinalar que este recurso dealzada non se considerou como unha solicitude de acceso á información pública aos efectos previstos nos artigos 17.1 da 19/2023, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e 26.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. E, en todo caso, debe indicarse que o escrito da interesada presentouse estando en curso o procedemento para a provisión do posto de traballo mediante a comisión de servizos, dado que este non finalizou ata o 14 de novembro de 2023, data no que o director xeral de Función Pública resolveu autorizar a adscrición provisional de xxxxxx ao posto de subdirectora xeral de Xestión, Ensino e Relacións sectoriais, código PEC040000115770001 na Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, previa proposta formulada pola referida Dirección Xeral o 8 de novembro de 2023.

TERCEIRA.- Con data 25.01.2024, o Director xeral de Función Pública resolveu o recurso presentado pola interesada desestimando as súas pretensións.

CUARTO.- No escrito de queixa da interesada indica que non está conforme coa súa tramitación e resolución.

Respecto a isto remitímonos á resolución do recurso no que se indica que pon fin a vía administrativa e contra ela poderá interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación.

Acompáñase a este informe a seguinte documentación:

- O anuncio para a cobertura en comisión de servizos do citado posto.
- A solicitude presentada pola persoa interesada.
- O recurso de alzada presentado pola persoa interesada.
- A proposta de resolución de comisión de servizos do posto realizada pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.
- A resolución ditada pola Dirección Xeral da Función Pública.
- A dilixencia de toma de posesión da persoa adxudicataria.
- O informe para a Comisión de transparencia de Galicia
- A resolución da Comisión de Transparencia de Galicia
- A resolución do recurso polo director xeral de Función Pública
- Notificación da resolución do recurso.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promove este expediente e do que se manifesta no informe da administración, resultan as seguintes consideracións:

Primeira: En primeiro lugar, a persoa interesada manifesta que non se atendeu a súa solicitude de entrevista para a cobertura da comisión de servizo convocada.

Segunda.- Na resolución do recurso presentado, o órgano competente, sinala o procedemento na tramitación da comisións de servizos e o seu cumprimento, no presente caso.

Terceira.- En segundo lugar, no que atinxa á solicitude de acceso á información pública realizada pola persoa interesada, cómpre sinalar que o marco xurídico vixente configura un sistema de garantías da cidadanía na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio dos dereitos da cidadanía e, en consecuencia, ese sistema debe responder á súa propia natureza garantista, o que comporta a necesidade de resolver expresamente, como regra xeral, as solicitudes e recursos que se formulen e que esa resolución estea motivada e notificada aos interesados con indicación de si é ou non definitiva na vía administrativa e recursos e prazos que procedan para interpoñelos.

Así, a solicitude presentada pola persoa interesada debería ter sido tramitada, conforme ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na que tamén se establece a obriga de contestar expresamente (artigo 21 da citada Lei 39/2015).

1. A Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en todos vos procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación

Cómpre sinalar que o art.21.5 prevé o seguinte: “Cando o número das solicitudes formuladas ou as persoas afectadas puidesen supoñer un incumprimento do prazo máximo de resolución, o órgano competente para resolver, a proposta razoada do órgano instrutor, ou o superior xerárquico do órgano competente para resolver, a proposta deste, poderán habilitar os medios persoais e materiais para cumprir co despacho adecuado e en prazo.”

E o 21.6: “O persoal ao servizo das Administracións Públicas que teña ao seu cargo o despacho dos asuntos, así como os titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver son directamente responsables, no ámbito das súas competencias do cumprimento da obrigación legal de ditar resolución expresa en prazo”

Pola súa banda, o seu artigo 53, Dereitos do interesado no procedemento administrativo, indica:

1. Ademais do resto de dereitos previstos nesta Lei, os interesados nun procedemento administrativo, teñen os seguintes dereitos:

a) A coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados; o sentido do silencio administrativo que corresponda, no caso de que a Administración non dite nin notifique resolución expresa en prazo; o órgano competente para a súa instrución, no seu caso, e resolución; e os actos de trámite ditados. Así mesmo, tamén terán dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos nos citados procedementos.

Cuarta.- En calquera caso a Administración está obrigada a responder á cidadanía que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha resposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma, adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con presteza e sen demoras inxustificadas.

Así mesmo, convén lembrar que o artigo 20 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, dispón que: O Valedor do Pobo “velará porque a Administración resolva expresamente, as peticións e recursos que lle foron formulados”.

No presente expediente, a falta de resposta do órgano autonómico competente ante a solicitude de información presentada por unha persoa empregada pública, propiciou que a promotora desta queixa se dirixira á institución da Valedora do Pobo solicitando a súa intervención.

Quinta.- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no seu artigo 1 establece:

1. Esta lei ten por obxecto regular a transparencia e a publicidade na actividade pública, entendendo esta como a desenvolvida cun financiamento público, así como o dereito da cidadanía a acceder á información pública, entendendo estouta tal e como se define no artigo 24 desta lei.

E no seu artigo 24, O dereito de acceso á información pública, indica:

1. Todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública nos termos previstos na normativa básica en materia de transparencia.

Enténdese por información pública os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

Así mesmo, considérase información pública a producida polas entidades que presten servizos públicos ou exerzan potestades administrativas, nos termos previstos no artigo 4.

Sexta.- No presente caso, o feito de que a Comisión da Transparencia de Galicia inadmitise a reclamación da persoa interesada non pode entenderse como unha merma dos dereitos recoñecidos na Lei 1/2016. Esta inadmisión baséase no sinalado na Disposición Adicional primeira da Lei 19/2013, ao existir un procedemento administrativo aberto. Pero dito procedemento administrativo deberá acollerse ao sinalado na lei de procedemento administrativo e na normativa de transparencia aplicable, polo tanto, a persoa interesada ten dereito a coñecer a información pública do mesmo (artigo 53 da Lei 39/2015, dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos nos citados procedementos).

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese organismo o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

“Recordámoslle que de conformidade co disposto na normativa aplicable, a Consellería do Mar debe resolver expresamente a solicitude de información pública da promotora desde expediente de queixa, en caso de non telo feito na data en que se reciba esta resolución”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas

causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño

Valedora do Pobo